

OS ÓRGANOS DOS SENTIDOS

LEMBRA:

A función de relación é a encargada de captar os estímulos que suceden no exterior do noso corpo e dar unha resposta a ditos estímulos.

Para captar os estímulos externos empregamos os 5 SENTIDOS:

A VISTA

O OÍDO

O OLFACTO

O GUSTO

O TACTO

O SENTIDO DA VISTA

O sentido da vista é o que nos permite apreciar a cor, forma, tamaño ou distancia do que nos rodea.

O órgano da vista é o OLLO.

O ollo ten dúas partes:

a) Partes protectoras externas: cellas, pestanas e as pálpebras

b) Globo ocular:

1.- Córnea: capa transparente que protexe o ollo

2.- Pupila: orificio do iris

3.- Iris: capa que regula o paso da luz

4.- Cristalino: membrana que enfoca o obxecto observado

5.- Retina: fina capa ao fondo do globo ocular proxecta a imaxe invertida.

6.- Nervio óptico: transmite a imaxe ao cerebro.

O SENTIDO DO OÍDO

O sentido do oído é o que nos permite recibir os sons ao noso redor.

O órgano do oído é o OÍDO.

O oído ten 3 partes:

a) Oído externo:

- 1.- Orella: parte externa que recolle os sons.
- 2.- Conduto auditivo: transmite o son ao tímpano.
- 3.- Tímpano: membrana que vibra ao chegar o son.

b) Oído medio:

Grupo de 3 ósos minúsculos que vibran e levan o son ao oído interno.

Eses ósos son: martelo, bigornia e estribo.

c) Oído interno:

- 1.- Caracol: cavidade chea de líquido que permite o paso do son.
- 2.- Nervio auditivo: nervio que transmite o son ao cerebro.

O SENTIDO DO OLFACTO

O sentido do olfacto é o que nos permite percibir os olores ao noso redor.

O órgano do olfacto é o NARIZ.

O nariz ten 3 partes:

a) Fosas nasais: son as cavidades por onde entran os olores. As fosas nasais teñen uns pelos para purificar o aire.

b) Mucosa olfactiva: sustancia que cobre as fosas nasais.

c) Nervio olfactivo: leva a información ao cerebro.

O SENTIDO DO GUSTO

O sentido do gusto é o que nos permite recibir os distintos sabores: doce, amargo, salgado, ácido e humami.

O órgano do gusto é a lingua.

A lingua ten as papilas gustativas, uns graniños que están na superficie da lingua e que percibe os sabores.

O SENTIDO DO TACTO

Co tacto podemos percibir as forma, textura, temperatura, ect... dos obxectos que nos rodean.

O órgano do tacto é a PEL.

A pel ten uns receptores do tacto, que son unhas células que perciben as característica do obxecto.